

‘ CURTAS MINHOTAS ‘ : O CINEMA ESTÁ NA RAIÁ!

Vila Nova da Cerveira / Tomiño, agosto/setembro de 2007. Durante os días 4 e 5 de setembro levarase a cabo a primeira edición das *Curtas Minhotas*, en Vila Nova de Cerveira (Portugal) e en Tomiño (Galiza). As *Curtas Minhotas* son un evento cinematográfico onde serán proxectadas producións portuguesas e galegas ao aire libre.

Esta iniciativa, portanto, nace e fundaméntase nun contrutivo espírito transfronteirizo. O seu principal obxectivo é o de promover o audiovisual de ambos e dous lados da fronteira, así como tamén poder valorizar e divulgar os diferentes atractivos desta rexión miñota (Baixo Miño na Galiza, e Alto Minho en Portugal).

No día 4 a sesión inaugural terá lugar en Vila Nova de Cerveira, no Auditorio Municipal, ás 21h30 (hora portuguesa). A segunda proxección realizarase o día 5 en Tomiño, na Praza de Goián, ás 22h30 (hora galega). Cada sesión está composta por 8 filmes, dividíndose estes en 4 curtas portuguesas e 4 curtas galegas. Trátase das seguintes obras:

Carne de Cañón, de Dario Fernandez Ignacio (8')

Cousas do Kulechov, de Susana Rei Crespo (21')

A Meiga Chuchona, de Pablo Millan (7')

A Flor Máis Grande do Mundo, de Juan Etcheberry (10')

Pago Para Ver, de Luís Manuel Almeida (6' 30'')

Frio, de Artur Serra Araújo (13' 30'')

O Operário Em Construção, de E. Nascimento e P. Canotilho (15')

A Língua Que Nos Une, de Vários (7')

A edición de 2007 corresponde ao proxecto-piloto dun evento de grande relevancia cultural. Así, esta será o pilar fundamental dunha mostra de cinema que se desenvolverá na rexión miñota, que desexamos sexa por un lado un encontro entre profesionais e cinéfilos portugueses e galegos e, por outro lado, unha excelente oportunidade para que os espectadores en xeral poidan desfrutar das potencialidades do cinema ao aire libre e coñecer o mellor cinema portugués e galego, cinematografías tantas veces esquecidas polo seu propio público.

A iniciativa de *Curtas Minhotas* resulta dunha parceria - tamén ela transfronteiriza - entre o Proxecto Eixo Norte/Galiza, da Audiência Zero, a produtora Mr.Misto e a

Axencia Audiovisual Galega. Máis informacións sobre este proxecto poden ser consultadas no Dossier de Imprensa.

CONTACTOS:

André Martins

andremartins@audienciazero.org

+351 919489669.

MAIS INFORMAÇÕES

www.audienciazero.org/

www.axenciaaudiovisualgalega.org